

Editorial



Aquí estamos. O novo Equipo de Redacción de Xornalouro para este Curso, que é o 2009-2010: Iria Braña, Álex Rivera (o Xefe), Sabela Quirós, Sara Bouso, Xulia Manín, Sonia Expósito, Carmela Trigo, Eva María Campos, Yaiza Pico, Tania Díaz, Laura Sixto, Reyes Braña e Lorena Díaz. Todo un elenco de xornalistas.

Ola a todos, queridos amigos. Outro ano máis, aquí estamos, todo o Equipo de Redacción, de Xornalouro, dos cales uns son un pouco máis traballadores que outros, facéndoos gastar un euro cincuenta nestas páxinas cargadas de noticias, humor, entrevistas e demais apartados, que todos nós fixemos con moito cariño e entrega, e cos que esperamos, de corazón, que paseades un bo e entretido rato lendo léndonos.

Coma todos os anos, neste Número 30 de Xornalouro temos noticias das diversas parroquias de Alfoz e O Valadouro: Vila-campa, Ferreira, O Castro, Mor... E tamén, claro está, traemos noticias do noso querido Instituto, das festas que celebramos, das excursións, das novidades deste Curso 2009-2010...

E non seríamos capaces de facer esta revista sen incluír unha enquisa. Desta volta tocoulle á crise económica como tema central. Sometemos a uns poucos pais e a uns poucos rapaces a unha serie de preguntas interesantes e os resultados atópanse no interior destas páxinas.

Tamén, se inclúe no interior deste Xornalouro o resultado das enquisas habituais que se lles realizan a todos os alumnos do noso Instituto e nas que ti, alumno do IES Alfoz-Valadouro, nos contas (esperamos que con toda a túa sinceridade) os teus gustos en temas musicais, televisivos, cinematográficos e deportivos. E, ademais, algúns outros alumnos tamén nos responderon a un test de gustos máis detallado, no que nos revelan os seus gustos en canto a comidas, cancións, deportes, regalos, etc.

E, coma toda revista que se precie (e o Xornalouro é unha importante revista do

noso Val), tamén incluímos algo de arte, algo de deporte tamén as lembranzas dalgúns dos habitantes dos nosos queridos concellos.

Ademais, como en cada primeiro número de cada curso, incluímos neste Número 30 uns relatos e poesías premiados no Certame das Letras Galegas deste ano no noso Instituto, que lle farán pasar un bo rato a todo aquel ó que lle apeteza lelos. Sinceramente, eu recoméndovolo.

E, como non, neste número incluímos as entrevistas a dúas persoas: de Vanesa Otero, unha importante actriz do grupo de teatro alfocense *Raiolas*, e de Graciano Paz, un músico da veciña parroquia de Lagoa que tocou en varias orquestras do Val hai xa uns cantos anos.

O espazo dos traballos de investigación dos alumnos que sempre incluímos en Xornalouro ocúpano nesta ocasión o Serradoiro de Xaque, que como todos saben se atopa na parroquia de Carballido, e un importante inventor do barrio de Vilaúde, en Mor: Antonio López López.

E para rematar, como non, a pasar un bo rato cos nosos pasatempos.

Con este número da nosa revista chegamos xa ás 30 publicacións, que non está nada mal. De momento seguimos con ilusión e esperamos estar acompañándovos coas nosas cousas durante moito tempo máis.

Esperamos que esta revista do Xornalouro vos faga pasar un agradable e ameno rato e que non vos arrepintades de adquirila. Non o pensedes máis, pasade a páxina e somerxédevos na nosa revista: O Xornalouro.

SUMARIO

| | |
|--|------------|
| Editorial | 1. |
| Entrevista: Graciano Paz | 2. |
| Noticias do Val do Ouro | 5. |
| Enquisa: A crise económica | 7. |
| O serradoiro de Xaque | 11. |
| Colaboracións | 15. |
| Entrevista: Vanesa Otero | 27. |
| Biografía Antonio López López | 30. |
| Noticias do IES Alfoz-Valadouro | 33. |
| Letras Galegas 2009 | 40. |
| Música, cine e televisión | 43. |
| Arte | 46. |
| Deportes | 49. |
| Lembranzas de Xornalouro | 51. |
| Test de gustos | 52. |
| Pasatempos | 54. |